

O desenvolvemento dos estudos de doutoramento dentro da construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) levou unha nova ordenación dos mesmos que quedou establecida coa publicación do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

As modificacións incorporadas neste Real Decreto requiren unha revisión profunda do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno o 14 de marzo de 2007, e modificado o 16 de abril de 2010.

Non obstante, como consecuencia da aplicación da Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto 99/2011 é necesario modificar de inmediato certos aspectos relativos ao tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento que se atopan no Título VII do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade de Vigo.

Polo tanto, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo acorda a substitución do Título VII actual do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao polo que se expón a continuación:

## **TÍTULO VII:**

### **DAS TESES DE DOUTORAMENTO**

#### **Artigo 18. Elaboración e autorización de defensa da tese de doutoramento**

##### **1. Do proxecto da tese de doutoramento**

A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación elaborado polo/a candidato/a en calquera campo do coñecemento. A tese debe capacitar ao/á doutorando/a para o traballo autónomo no ámbito da I+D+i.

O/a estudante presentará un proxecto de tese de doutoramento á unidade responsable do programa de doutoramento (Comisión Académica ou Departamento) e esta decidirá sobre a admisión do devandito proxecto.

Unha vez admitido/a ao programa de doutoramento, a cada doutorando/a seralle asignado por parte da correspondente unidade responsable do programa de doutoramento un/ha titor/a, doutor/a con acreditada experiencia investigadora, ligado/a á unidade ou á Escola que organiza o programa, a quen lle corresponderá velar pola interacción do/a doutorando/a coa unidade responsable do programa. Esta, oído/a o/a doutorando/a, poderá modificar o nomeamento do/a seu/súa titor/a en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

A unidade responsable do programa de doutoramento asignará a cada doutorando/a un/ha director/a de tese de doutoramento que poderá ser coincidente ou non co/a titor/a a que se refire o apartado anterior. A unidade responsable do programa de doutoramento, oído o doutorando, poderá modificar o nomeamento do/a director/a de tese doutoral en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

##### **2. Da dirección das teses de doutoramento**

O/A Director/a será o/a máximo/a responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese doutoral e da guía na planificación e a súa adecuación, no seu caso, á de outros proxectos e actividades onde se inscriba o doutorando. A tese poderá ser codirixida por outro/a ou outros/as doutores/as cando concorran razóns de índole académico, previa autorización da unidade responsable do programa de doutoramento. Dita autorización poderá ser revocada con posterioridade se a xuízo da unidade

responsable do programa de doutoramento a codirección non beneficia ao desenvolvemento da tese.

Para ser director/a dunha tese de doutoramento haberá que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión dun título de Doutor/a español ou estranxeiro, con independencia da universidade, centro ou institución no que preste os seus servizos.
- b) Estar en posesión dun sexenio de investigación ou acreditar produción investigadora equivalente. Neste último caso a unidade responsable do programa de doutoramento remitirá á Comisión de Estudos de Posgrao a proposta da dirección da tese xunto coa relación dos méritos xustificativos da equivalencia da produción investigadora. Será responsabilidade da Comisión de Estudos de Posgrao ratificar ou non a proposta da dirección.

As unidades responsables de cada programa de doutoramento poderán establecer requisitos adicionais aos establecidos nos epígrafes a) e b).

No caso de que un/unha doutorando/a desexa solicitar un cambio de director/a de tese deberá achegar o informe da unidade responsable do programa de doutoramento. Así mesmo, no caso de que o/a doutorando/a desexa solicitar a anulación do proxecto de tese de doutoramento, deberá enviar a conformidade da unidade responsable do programa de doutoramento. Unha vez aprobados os cambios pola Comisión de Estudos de Posgrao, estes seranlles notificados ás partes implicadas: doutorando/a e directores/as entrante e saínte, no primeiro caso, e doutorando/a e directores/as do proxecto de tese anulado, no segundo.

### **3. Da autorización da tese de doutoramento para a súa defensa**

Rematada a elaboración da tese de doutoramento, o/a director/a ou directores/as autorizarán a súa presentación. Esta autorización achegarase xunto coa tese de doutoramento para a súa posterior tramitación.

Tras a conformidade da unidade responsable do programa de doutoramento, o/a doutorando solicitará autorización da defensa da mesma a Comisión de Estudos de Posgrao, debendo entregar un exemplar dela na Sección de Posgrao e Formación Continua e outro na unidade responsable do programa de doutoramento. Os dous exemplares deberán entregarse en formato electrónico (PDF).

A Sección de Posgrao e Formación Continua comunicarlle a todas as unidades responsables de programas de doutoramento da Universidade que a tese queda en depósito durante 15 días hábiles en período lectivo, para que calquera doutor/a poida examinala e, de ser o caso, dirixirle por escrito á Comisión de Estudos de Posgrao as consideracións que considere oportuno formular. Co fin de axilizar e facilitar a consulta das teses de doutoramento, a Comisión de Estudos de Posgrao valorará a posibilidade de habilitar un procedemento telemático.

O/a doutorando/a estará obrigado á introdución dos datos da súa tese na base TESEO antes da entrega do exemplar na Sección de Posgrao e Formación Continua e comprobarase este feito antes de facer pública a comunicación do depósito.

Transcorrido o tempo de depósito, a Comisión de Estudos de Posgrao decidirá se admite a tese a trámite ou se procede retirala. No caso de terse presentado alegacións, a Comisión de Estudos de Posgrao consultará previamente á unidade responsable do programa de doutoramento e aos/ás especialistas que considere oportunos.

Se a tese é admitida a trámite o procedemento desde a data de admisión a trámite na Comisión de Estudos de Posgrao ata a data de defensa da tese non poderá superar o prazo de catro meses, salvo causas debidamente xustificadas. Se supera este prazo deberán iniciarse de novo os trámites de presentación.

#### 4. Do tribunal que avalía a tese de doutoramento

Admitida a tese a trámite para súa defensa pola Comisión de Estudos de Posgrao, a unidade responsable do programa de doutoramento, oído o/a director/a da tese (ou, de ser o caso, o/a titor/a) proporalle á Comisión de Estudos de Posgrao unha relación de oito posibles membros do tribunal que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de Doutor ou Doutora español ou estranxeiro e contar con experiencia investigadora acreditada con independencia da universidade, centro ou institución no que preste os seus servizos
- b) Aceptar a participación na avaliación da tese de doutoramento.

A proposta da unidade responsable do programa de doutoramento incluírá os seguintes datos:

- Datos de identificación persoal: nome e apelido/s, organismo ou institución ao que pertenza, corpo, departamento ou área de coñecemento, se procede..
- Xustificación sobre cada un/unha dos membros da súa adecuación aos contidos da tese mediante a mención da especialidade ou especialidades que cultivan na súa investigación, publicacións, proxectos de investigación e outras actividades ou méritos que se consideren oportunos.

O tribunal encargado de vulgar a tese de doutoramento será designado pola Comisión de Estudos de Posgrao, de entre os/as oito especialistas propostos/as pola unidade responsable do programa de doutoramento e estará constituído por cinco membros titulares e dous suplentes.

A Comisión de Estudos de Posgrao designará un/unha presidente/a e un/unha secretario/a. O/a secretario/a designarase preferentemente entre os membros do tribunal da Universidade de Vigo. De non ser así, deberá presentarse informe xustificativo e sinalar a unha persoa da Universidade de Vigo como responsable da recepción das actas e da súa posterior entrega na Sección de Posgrao. No caso de renuncia xustificada dun membro titular, o/a presidente/a procederá a substituílo/a polo/a primeiro/a suplente tras autorización do/a presidente/a da Comisión de Estudos de Posgrao.

En todo caso, o tribunal estará formado por unha maioría de membros externos á Universidade e ás institucións colaboradoras no programa de doutoramento. Os/as profesores/as pertencentes aos corpos docentes universitarios poderán formar parte dos tribunais de teses de doutoramento, aínda que se atoparan en calquera das modalidades da situación de excedencia ou xubilación.

En ningún caso poderán formar parte do tribunal o/a director/a da tese agás nos casos de teses presentadas en programas de doutoramento conxuntos con universidades estranxeiras, en virtude dos correspondentes convenios.

O tribunal no seu conxunto (os/as cinco titulares máis os/as dous/dúas suplentes) contará cun mínimo de tres membros de cada sexo e o tribunal titular contará cun mínimo de dous membros de cada sexo, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

Nomeado o tribunal, a Comisión de Estudos de Posgrao comunicarlle a composición deste á unidade responsable do programa de doutoramento, ao/á director/a da tese e ao/á presidente/a do tribunal, para que se proceda a súa lectura e a Sección de Posgrao e Formación Continua incorporará os datos do tribunal á base TESEO.

Unha vez designado e constituído o tribunal, a unidade responsable do programa de doutoramento achegaralles no prazo dunha semana aos membros do devandito tribunal un exemplar da tese de doutoramento.

A partir dese momento, os membros do tribunal disporán dun mes para enviarlle á Comisión de Estudos de Posgrao un informe individual e razoado en que se valore a tese e se aprobe ou desaprobe esta. Tendo en conta os informes, a Comisión de Estudos de Posgrao disporá se procede ou non a defensa pública ou, de ser o caso, a interrupción da súa tramitación, remitíndolle ao/á doutorando/a as observacións que sobre ela considere pertinentes.

O/A director/a da tese de doutoramento poderá ser chamado/a pola Comisión de Estudos de Posgrao antes de decidir sobre o trámite ao que se refire o parágrafo anterior, co fin de obter a información que se considere oportuna para fundamentar a decisión.

En calquera caso o/a doutorando/a poderá solicitar a certificación literal dos informes dos membros do tribunal despois da súa defensa..

### **5. Da defensa da tese de doutoramento**

O acto de defensa da tese será convocado polo/a presidente/a e comunicado polo/a secretario/a á Comisión de Estudos de Posgrao cunha antelación mínima de 15 días naturais á súa celebración. Terá lugar en sesión pública durante o período lectivo do calendario académico e consistirá na exposición polo/a doutorando/a da labor realizada, a metodoloxía, o contido e as súas conclusións, cunha especial mención as súas contribucións orixinais.

A tese poderá ser desenvolvida e, no seu caso, defendida, nos idiomas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento. Se a tese non estivese escrita en ningunha das dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo, deberá incluír un resume en galego ou castelán o suficientemente preciso que garanta a comprensión da totalidade da tese. O resumo deberá ter unha extensión aproximada á décima parte da extensión da obra orixinal.

Os membros do tribunal deberán expresar a súa opinión sobre a tese presentada e poderán formular as cuestións e obxeccións que consideren oportunas, ás que o doutorando terá que contestar.

Así mesmo, os/as doutores/as presentes no acto público poderán presentar cuestións e obxeccións, e o/a doutorando/a responderá, no momento e xeito que sinale o/a presidente/a do tribunal.

Excepcionalmente os/as membros del tribunal poderán participar no acto de defensa por videoconferencia nos termos establecidos pola Comisión de Estudos de Posgrao.

### **6. Da cualificación da tese de doutoramento**

Rematada a defensa da tese o tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese en termos de “apto” ou “non apto”.

Cada membro do tribunal emitirá un voto segredo propondo ou non a obtención da mención “cum laude”. Cada voto será introducido nun sobre, que quedará cerrado e firmado polo/a correspondente membro do tribunal.

A Comisión de Estudos de Posgrao procederá á apertura do sobre cos votos segredos. Poderase propor que a tese obteña a mención «cum laude» en caso de voto positivo por unanimidade.

A Sección de Posgrao introducirá a nota, e a mención, se procede, na base TESEO e remitirá a ficha da tese á unidade responsable do programa de doutoramento para a súa sinatura polo secretario do tribunal e devolución a dita unidade no prazo máximo de 20 días desde a súa recepción.

Unha vez aprobada a tese de doutoramento, a Sección de Posgrao e Formación Continua adoptará as medidas necesarias para garantir o arquivo da mesma en formato electrónico aberto nun repositorio institucional e remitirá unha copia á Biblioteca Central para o seu arquivo. Así mesmo remitirá, tamén en formato electrónico, a tese de doutoramento ao Ministerio de Educación, xunto coa ficha de tese que se estableza regulamentariamente.

### **Artigo 19. Teses por compendio de artigos**

Existe a modalidade de tese por compendio de artigos que debe suxeitarse aos seguintes requisitos.

1. A tese debe incluír:

- 1) Un mínimo de tres artigos aceptados para a súa publicación en revistas indexadas no JCR
- 2) Unha introdución que xustifique que os traballos aportados están relacionados.
- 3) Unha discusión xeral ou de conxunto na que se unifiquen os resultados parciais presentados en cada artigo.
- 4) Unhas conclusións de todos eles.
- 5) Unha copia, a ser posible orixinal (reprint), das publicacións.
- 6) Unha descrición do factor de impacto ou outros criterios de calidade da publicación.

2. Para a presentación da tese como compendio de artigos o/a doutorando/a presentará unha solicitude á Comisión de Estudos de Posgrao axuntando a seguinte documentación:

- a) Informe do/s director/es da tese onde se indique a idoneidade da presentación da tese por compendio de artigos, así como as achegas que fai a tese, a apertura de novas liñas de traballo e a importancia e aplicabilidade dos resultados. Se algún dos traballos incluídos é de varios/as autores/as, terá que quedar claramente de manifesto cal foi a aportación de cada autor/a.
- b) Autorización da unidade responsable do programa de doutoramento.
- c) Unha copia da tese tal como se define no apartado 1 deste artigo.
- d) Aceptación por escrito dos/as coautores/as de que o/a doutorando/a presente o traballo como parte da tese.
- e) Renuncia por escrito dos/as coautores/as non doutores/as á presentación dos traballos como parte doutra tese doutoral.
- f) Os apartados (d) e (e) non se esixirán se no contido do artigo está indicado que forma parte da tese doutoral do solicitante.

3. Os artigos que formen parte da tese non se poderán presentar en ningunha outra tese.

4. As publicacións serán contribucións aceptadas en publicacións con revisión anónima dos artigos presentados. Deben quedar claramente explícitos os nomes de todos/as os/as autores/as e a súa orde, a súa filiación, o nome da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN. Se os artigos están aceptados e aínda non publicados é imprescindible a carta do/a editor/a que xustifique a súa aceptación final e na que queden claros os datos citados anteriormente. Unha carta de aceptación condicionada a correccións, sexan maiores ou menores, non é aceptable.

5. Ningún dos artigos incluídos na tese será anterior á data de matriculación no programa de doutoramento que lle da acceso ao título de doutor/a.

6. Como máximo un/una dos/as coautores/as dalgún dos artigos poderá formar parte da proposta de 8 membros do tribunal da tese.

## **Artigo 20. Requisitos para a obtención do doutoramento internacional**

Poderase incluír no anverso do título de doutor/a a mención "Doutor/a internacional" sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que durante a súa etapa de formación o/a doutorando/a realizase unha estancia mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. A estancia e as actividades terán que ser avaladas polo/a director/a e autorizadas pola unidade responsable do programa de doutoramento.
- b) Que parte da tese de doutoramento, polo menos o resumen e as conclusións, estea redactado e presentado nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais en España. Esta norma non será de aplicación cando as estancias, informes e expertos procedan dun país de fala hispana.
- c) Que a tese sexa informada por un mínimo de dous/dúas expertos/as doutores/as pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española.
- d) Que, polo menos, un/unha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non española, co título de doutor/a, e distinto do responsable da estancia mencionada no apartado a), forme parte do tribunal avaliador da tese.
- e) Na portada da Tese terá que figurar que se opta ao título de Doutor/a Internacional

A defensa da tese será efectuada na Universidade de Vigo. No caso de programas de doutoramento conxuntos a defensa da tese será efectuada en calquera das universidades participantes ou nos termos que identifiquen os convenios de colaboración.

Unha vez que a Comisión de Estudos de Posgrao dea o visto e praxe á documentación presentada, achegaráselle ao/á secretario/a do tribunal unha copia da certificación asinada polo/a secretario/a da Comisión de Estudos de Posgrao, xunto coa documentación para a lectura da tese.

A acreditación do doutoramento internacional reflectirase en certificacións, título oficial e diploma do seguinte xeito:

a) Mención na certificación do pagamento de dereitos e do título. O doutoramento internacional acreditarase mediante a mención que se establece a continuación e que figurará na certificación do pagamentos dos dereitos para a expedición do título e no reverso do título de doutor/a:

"O/A titular da presente certificación/título acadou o grao de doutoramento e mais a acreditación de "Doutor/a internacional".

Tanto na certificación do pagamento de dereitos, como no reverso do título de doutor/a, deberá estamparse o anagrama de Doutor/a internacional.

b) Diploma do doutoramento internacional. Simultaneamente á entrega do título oficial de doutor/a, entregaráselle ao/á alumno/a un diploma expedido polo/a reitor/a, que reflecta a súa condición de doutor/a internacional.

Mediante instrución da secretaría xeral regularanse os requisitos formais para a expedición e rexistro dos diplomas de doutor/a internacional.

## **Artigo 21.- Premio extraordinario de doutoramento**

As teses de doutoramento defendidas e mantidas na Universidade de Vigo, poderán ser obxecto de mención especial de premio extraordinario de doutoramento.

1. Poderase entregar un premio extraordinario de doutoramento por curso académico e por cada cinco teses ou fracción en cada ámbito de coñecemento. As datas exactas que delimiten cada curso académico publicaranse na resolución da correspondente convocatoria de premios extraordinarios de doutoramento.

2. Para poder convocar Premio Extraordinario de Doutoramento en cada ámbito de coñecemento terán que ser lidas como mínimo tres teses nese curso académico. Este prazo ampliarase no caso de non acadarse o dito mínimo; en todo caso, non poderán transcorrer máis de tres anos sen que se convoquen premios extraordinarios nun ámbito de coñecemento no que se lese algunha tese de doutoramento.

3. Requisitos para a obtención de premios extraordinarios: os/as que obtivesen o título de doutor/a e aspiren á mención de premio extraordinario, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ter defendido a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo.
- b) Que a tese de doutoramento acadase a mención "cum laude".

4. Os/as solicitantes deberán presentar na vicerreitoría competente na materia a seguinte documentación:

- a) Certificación académica, no caso de que non estea en posesión da Universidade de Vigo,
- b) Repercusión no campo de coñecemento correspondente,
- c) Curriculum vitae académico-profesional do/a solicitante,
- d) Un exemplar da tese de doutoramento que pode estar en formato electrónico.

5. Nomeamento e composición dos tribunais:

- a) Os tribunais encargados de elabora-la proposta de concesión de Premio extraordinario de doutoramento serán nomeados polo/a reitor/a, por proposta da Comisión de Estudos de Posgrao
- b) A Comisión de Estudos de Posgrao solicitaralle aos departamentos de cada ámbito de coñecemento, unha proposta de membros do tribunal necesariamente doutores/a e pertencentes ao departamento.
- c) A Comisión de Estudos de Posgrao tramitará a proposta final de cinco membros garantindo a participación máis equilibrada posible de todos os departamentos implicados. Dito tribunal estará formado por cinco membros titulares e dous suplentes.
- d) En ningún caso poderán formar parte de ditos tribunais o/a director/a e o/a titor/a das teses de doutoramento que opten ao premio.

6. Actuación dos tribunais: A actuación dos tribunais nomeados para tramitar a proposta de Premio extraordinario someterase ás regras que estableza, con carácter xeral, a Comisión de Estudos de Posgrao, sen que en ningún caso poida acordarse someter aos/ás aspirantes ao mencionado premio á realización de exercicios ou probas especiais.

7. Concesión dos Premios extraordinarios de doutoramento:

- a) Os tribunais nomeados farán unha proposta que remitirán ao/á presidente/a da Comisión de Estudos de Posgrao, que a súa vez remitirá ao/á reitor/a da universidade.
- b) A concesión de premios extraordinarios será sometida polo/a reitor/a á aprobación do Consello de Goberno da Universidade.

8. Efectos do Premio extraordinario:

- a) A concesión do Premio extraordinario de doutoramento levará consigo os beneficios de gratuidade no pagamento das taxas para a expedición do título de doutor/a, segundo o disposto para estes casos na lexislación estatal.
- b) A mención do Premio extraordinario de doutoramento farase constar no título de doutor/a, de acordo coas normas que dite o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Sen prexuízo do anterior, a Universidade de Vigo poderá dispor o recoñecemento documental da mención de Premio extraordinario de doutoramento na forma oportunamente determinada.

Así mesmo, acórdase a substitución da Disposición transitoria terceira que establecía que “*A elaboración, defensa, tribunais e avaliación da tese de doutoramento rexeranse por este regulamento e polos artigos 11, 12 e 13 do RD 56/2005, indistintamente de que o marco normativo polo que cursaron os estudos de doutoramento fosen os citados RD 56/2005 ou o RD 778/199.*” pola seguinte

**Disposición transitoria terceira:**

- a) Naqueles casos en que a admisión a trámite da tese xa fose realizada na unidade responsable do programa de doutoramento con anterioridade ao 11 de febreiro de 2012, a/o doutoranda/o poderá escoller entre a aplicación das condicións establecidas neste Regulamento antes ou despois desta modificación.
- b) A asignación de titor/a será de aplicación xeral a partir da matrícula no curso 2012/2013.
- c) As modificacións incorporadas no epígrafe 2 do Artigo 18 non serán de aplicación para os doutorandos/as matriculados/as en tutela académica de tese doutoral con anterioridade ao 11 de Febreiro de 2012.
- d) As situacións excepcionais non contempladas na presente disposición transitoria serán resoltas pola Comisión de Estudos de Posgrao

**Entrada en vigor:**

As modificacións realizadas no Título VII deste Regulamento entrarán en vigor o 11 de febreiro de 2012, sen prexuízo do disposto na Disposición transitoria terceira.